



Dende a dirección da revista Tempo Exterior convidamos a achegar propostas de artigos para que sexan publicados nos números 42 e 43, correspondentes ao ano 2021.

Tempo Exterior é unha publicación de análise e estudos internacionais en Galego/Castelán/Inglés que edita o Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI). A revista nacéu no ano 1997 e leva publicándose ininterrumpidamente de modo bianual dende entón coa dobre finalidade de contribuir ao análise da acción exterior (axendas e axentes) de Galicia, por una banda, e de proporcionar ao público galego interesado nos asuntos internacionais unha aproximación informada aos debates contemporáneos de ámbito global, polo outro.

O obxectivo último é o de contribuir á reflexión sobre as cuestións internacionais, achegándoas a Galicia e, tamén, ofrecer a visión de Galicia ao resto do mundo.

Os artigos deberán ser traballos orixinais e seguirán estritamente as “Normas de publicación”. Serán sometidos a avaliación por dous revisores externos mediante o sistema cego de revisión por pares que, seguindo criterios obxectivos, determinarán: a súa publicación sen modificacións, suxerirán modificacións para a súa publicación, ou serán rexeitados.

Os manuscritos deberán enviarse antes do día 2 de maio de 2021 ao seguinte enderezo electrónico: [tempoexternior@igadi.gal](mailto:tempoexternior@igadi.gal).

A secretaria editorial da revista Tempo Exterior acusará recibo dos orixinais recibidos nun prazo de quince días hábiles dende a súa recepción, e o Consello de Editorial da revista resolverá a súa publicación nun prazo máximo de seis meses.

Atentamente,

Director da Revista Tempo Exterior

Secretaria Editorial da Revista Tempo Exterior